

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 25 DE XUÑO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA MUÑOZ MUÑOZ ELADIO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA PEREZ GOMEZ CARMEN
--	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e cinco de Xuño do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 19/06/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/386

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 18/06/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA, CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR "ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.", PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SENDA PEATONAL EN COROSO""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/397

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 19/06/2026. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DE CONTRATO PRIVADO DE CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE CAFÉ QUIJANO PARA FESTAS DE VERÁN RIBEIRA 2026”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/405

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 22/06/2026. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE REPOSICION CLIMATIZACION MERCADO MUNICIPAL”

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Lucía Petrovich Costa

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Lucía Petrovich Costa**, de data 12/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.585), no que solicita autorización para a instalación de posto de venda ambulante (6 m. x 2 m.), desde o día 16/06/2026 ata o 23/06/2026, na Avenida do Malecón (Ribeira), enfronte da entidade bancaria “Banco Sabadell”.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9173 20.04.2026 VEIGA FACHAL MAR, substitución de carpintería exterior, avenida do Ferrol, Nº 127 - Ribeira. (2026 COMU000156)

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9468 23.04.2026 SAMPEDRO QUEIRUGA MARINA LUCIA, limpeza de tellado e pintado exterior, rúa de Salvora, Nº 33, Aguiño - Ribeira. (2026 COMU000165)



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26118 30.10.2025 TUDELA GARCIA YOLANDA, limpeza de canalón e selado de gretas, rúa Prado, Nº 20, Corrubedo - Ribeira. (2025 COMU000534)

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21851 12.09.2025 MALLO MARIÑO DAMARIS, apertura de peche, rúa Pérez Galdos, Nº 27, - Ribeira. (2025 COMU000506)

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8871 16.04.2026 VIDAL SAMPEDRO EDELMIRO, reparación de vivenda, lugar de Listres, Nº 43, Aguiño - Ribeira. (2026 COMU000147)

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8630 14.04.2026 LIJO ALONSO JUAN JOSE, renovación pinches e colocación de plaqueta na entrada- obras na fachada, lugar de Outeiro, Nº 83, Artes - Ribeira. (2026 COMU000132)



12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1205 12.05.2026 REY CHISCA PEREGRINO, mantemento e pintado fachadas e cuberta-obras na fachada, rúa Agriña, Nº 3, Palmeira - Ribeira. (2026 COMU000192)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12026 21.05.2026 CAMEAN MARTINEZ JOSE, substituír carpintarías e cubertas, avenida Romero Ortiz, Nº 25, - Ribeira. (2026 COMU000219)

14.- LICENZA DE OBRA (CORRECCIÓN DE ERROS) - Juan Carlos Martínez Martínez

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 04/06/2026, relativo a licenza de obra solicitada por Juan Carlos Martínez Martínez, e advertido erro na redacción do mesmo.

VISTO o informe emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **25 de xuño de 2025**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes **ACORDA** que se proceda á subsanación do citado erro, resultando o acordo tal como segue a continuación:

LICENZA PARA APARCAMENTO DE AUTOCARAVANAS EN TRÁNSITO. LOCALIZACIÓN: LUGAR CHAN DO AGRO, OLEIROS, RIBEIRA. **PROMOTOR:** JUAN CARLOS MARTÍNEZ MARTÍNEZ

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **APARCAMENTO DE AUTOCARAVANAS EN TRÁNSITO**, no lugar de **CHAN DO AGRO, OLEIROS, RIBEIRA**, da que é promotor **JUAN CARLOS MARTÍNEZ MARTÍNEZ**.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** con data **2 de setembro de 2024**

VISTO o informe emitido polo **secretario xeral da Corporación** con data **25 de xuño de 2025**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. JUAN CARLOS MARTÍNEZ MARTÍNEZ** licenza urbanística (**Nº**



22/26) para **APARCAMENTO DE AUTOCARAVANAS EN TRÁNSITO**, no lugar de **CHAN DO AGRO, OLEIROS, RIBEIRA**, da que é promotor **JUAN CARLOS MARTÍNEZ MARTÍNEZ**.

- *Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do **proxecto de execución** que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Asímesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- VAO PERMANENTE (CORRECCIÓN DE ERROS) – C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, da sesión extraordinaria celebrada en data 19/06/2026, relativo á concesión de licenza de vao permanente á C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo), e advertido erro na redacción do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro, resultando o acordo tal como segue:

Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García & Asociados, S.L. e representación de **C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)**, de data 03/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.325), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa das Agrad, Edificio Agrads II (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/06/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa das Agrads, Edificio Agrads II (Corrubedo), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



16.- VAO PERMANENTE (SOLICITUDE DE BAIXA) – Manuela Martínez Sieira

Visto o escrito presentado por **Manuela Martínez Sieira**, de data 16/12/2025 (Rexistro de entrada nº 29.862), no que solicita a baixa da licenza de vao permanente situado da Avenida das Carolinas (Ribeira), por non utilización do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a baixa da licenza de vao permanente situado da Avenida das Carolinas (Ribeira) a nome de Manuela Martínez Sieira, co seguinte condicionante: Deberá proceder á retirada ou á devolución da praca de vao permanente con carácter obrigatorio.
- Dar tralado deste acordo á Policía Local e aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento.

17.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO: “ANDAINA 50K CONCELLO DE RIBEIRA”

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 22/06/2026, no que no que solicita a aprobación do prezo público para a realización da actividade “Andaina 50K Concello de Ribeira”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto por Intervención e Tesourería, de data 23/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Establecer un prezo público de 20,00 € por participante inscrito, con licenza na Federación Galega de Montañismo, e de 23,00 € por participante inscrito, sen licenza na Federación Galega de Montañismo, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *“A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”*

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.



18.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (FESTA DA DORNA 2026)

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abraldes Pérez, de data 24/06/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da *LXXVIII Sinjladura Festa da Dorna* Ribeira, 17 ao 24 de xullo de 2026.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

- A celebración dun convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna que estableza as bases de actuación que regulen a colaboración para facer realidade a celebración desta festa de interese turístico.
- A concesión do anticipo do 50% do importe total da subvención que permita a entidade beneficiaria atender os gastos iniciais e pagos inmediatos que require a execución do programa obxecto deste convenio de colaboración, quedando exenta de presentar garantías ou avais sempre que cumpra cos requisitos establecidos pola norma.

Obxecto do convenio de colaboración	NIF Beneficiario	Denominación social	Importe Total	Anticipo 50%
Celebración da <i>LXXVIII Sinjladura Festa da Dorna</i> Ribeira, 17 ao 24 de xullo de 2026.	G15315682	ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA	80.000,00 €	40.000,00€

19.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 23/06/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de Ana Muñiz Brión en nome da Asociación A Farola, sede electrónica número 2026 10351 de data 04/05/2026, interesando dispor dunha sala do Centro Social-Cultural de Corrubedo para realizar actividades de loga e Pilates.

Calendario:



Xullo e agosto de 2026.

Luns e mércores 10.00 a 11.00 h e 19.30 a 21.30 h

Considerando que esta actividade é promovida e organizada por unha entidade que carece de ánimo de lucro.

A práctica destas actividades promoven o benestar, a saúde física e mental, fomentando hábitos de vida activa entre a cidadanía.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa consulta na axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, **emítese INFORME Favorable de Uso Temporal para realizar loga e Pilates organizado pola asociación A Farola."**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1) **Acordo de Autorización de Uso Temporal da sala do Centro Socia-Cultural de Corrubedo para celebrar loga e Pilates organizado pola Asociación A Farola no seguinte calendario:**

Desde 1 de xullo ao 31 de agosto de 2026 (ambos inclusivos)

Días Luns e mércores 10.00 a 11.00 h e 19.30 a 21.30 h

- 2) **Notificar o acordo á antedita entidade organizadora xunto coas Condicións de Uso que se indican, destacando:**

Deberá respectar o espazo no que se celebra o Campamento de Verán autorizado a Anpa Monte Tahume do CEIP de Olveira durante os meses de xullo e agosto de 2026, e de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas, tendo os usuarios deste campamento preferencia no uso das zonas común.

CONDICIÓN DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respectar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.



8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.
10. Facilitarase á persoa solicitante, as chaves correspondentes para a apertura e peche da instalación municipal, quen será responsable da súa custodia e devolución nas oficinas municipais no Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira unha vez expirado o periodo antedito. O solicitante da utilización responderá da devolución da chave e non estando permitido realizar reproducións da mesma, salvo que a concellería correspondente así o autorice.
11. **Deberá respetar o espazo no que se celebra o Campamento de Verán autorizado a Anpa Monte Tahume do CEIP de Olveira durante os meses de xullo e agosto de 2026, e de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas, tendo os usuarios deste campamento preferencia no uso das zonas común.**

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.**

20.- AUTORIZACIÓN CELEBRACION DAS FESTAS DO SANTÍSIMO SACRAMENTO DE PALMEIRA

Vista a proposta conxunta do Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abrales Pérez, e da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 23/06/2026, relativa á autorización para a celebración das Festas do Santísimo Sacramento de Palmeira, na que expoñen:

"Con data 12 de xuño de 2026, (sede electrónica 2026-14584) recíbese solicitude presentada por María del Carmen Vizcaya Sampedro que en representación da Asociación Santísimo Sacramento Parroquia San Pedro Palmeira, ten interese en celebrar o Santísimo Sacramento de Palmeira o día 5 de xullo de 2026, cunha participación de 300 persoas aprox.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. **Autorización municipal para realizar a programación de actividades.**
2. **Sinalizar** as rúas polas que discurren as alfombras florais e polas que a procesión fará o percorrido para que non circule o tráfico rodado: **Adro da Igrexa, Rúa da Cambra, Rúa da Canle, Porto, Cruceiro de Cruces, Espiño, rúa do Vilar, regreso por rúa da Cambra para ao adro da Igrexa. Ademais na rúa Doctor Torres, rúa da Canle, Porto e rúa Espiño se colocarán "Altars".**
3. **Apoio da Policía Local e Protección Civil** que garante o desenvolvemento desta actividade.
4. **Servizo de limpeza** das rúas polas que discurre a procesión.
5. **A participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira para cantar a misa solemne das 19.00 horas.**

Consta no expediente a seguinte documentación:

- **Programación de actos e horarios.**

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:



Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración do “Santísimo Sacramento” según programa exposto ó vindeiro 5 de xullo de 2026 na parroquia de Palmeira.
- Prestar **apoio operativo** da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- **Servizo de limpeza** polas rúas polas que transcurren as alfombras florais unha vez rematado a celebración dos actos.
- **Autorizar a actuación** da Coral Polifónica Municipal de Ribeira ó 5 de xullo ás 19 horas e establecer a **gratuidade** desta actuación e polo tanto a exención no pago do correspondente prezo público conforme a Ordenanza C-2 reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, actuación no termo municipal de Ribeira e inscrita no Rexistro Municipal na data 23/5/2012.

Lembranza final

O titular é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a celebración do *Santísimo Sacramento* na parroquia de Palmeira ó vindeiro 5 de xullo de 2026 conforme o detalle da programación exposto.
- Prestar apoio operativo da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- Servizo de limpeza polas rúas polas que transcurren as alfombras florais unha vez rematado a celebración dos actos.
- Autorizar a actuación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira o 5 de xullo ás 19 horas e establecer a súa gratuidade conforme o artigo 3 da Ordenanza C-2 reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á Policía Local e GAEM.

21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE RIBEIRA E A "UTE XG-847" PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE INTERESE MUNICIPAL (SIMU)

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 09/06/2026, relativo á aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Ribeira e a "UTE XG-847" para a implantación dun Servizo de Interese Municipal (SIMU).

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Interventor en funcións, Jorge González Mariño, de data 18/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Ribeira e a "UTE XG-847" para a implantación dun Servizo de Interese Municipal (SIMU).
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

22.- SOLICITUDE DE CESIÓN CAMPO DA TASCA AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DUN CAMPUS DE VERÁN

LOGO DE VER que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 23-04-2026, con número de rexistro de entrada municipal 9.488, solicitando:

*"QUE A S.D. XUVENTU AGUIÑO VAI ORGANIZAR UN CAMPUS DE VERAN DENDE O 6 DE XULLO ATA O 14 DE AGOSTO, AMBOS INCLUSIVE,
POLO QUE*



SOLICITA QUE SE NOS CONCEDA O USO DO CAMPO DA TASCA PARA REALIZALO DEVANDITO CAMPUS NAS DATAS SINALADAS, EN HORARIO DE 9:30 A 13:30 HORAS"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
2. O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-06-26, e do concelleiro de deportes de data 18-06/26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión Campo Municipal da Tasca ao Club Xuventú Aguiño, para a celebración dun "campus de verán", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese do **06 de xullo ao 14 de agosto de 2026, de 9.30 a 13.30 horas**.
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos e actividades deportivas nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.



23.- SOLICITUDE DE CESIÓN INSTALACIÓNS DO COMPLEXO A FIEITEIRA (ESTADIO DE ATLETISMO, CAMPO DE FÚTBOL E MÓDULO DE ATLETISMO) , PARA A CELEBRACIÓN DUN CAMPUS DE ATLETISMO

LOGO DE VER que D. Juan Manuel Olveira Vidal, en representación do club Atletismo Santa Uxía, presenta escrito de data 14/05/2025, con número de rexistro de entrada municipal 11.058, solicitando:

“POR MEDIO DA PRESENTE, RIBEIRA ATLETISMO SOLICITA A AUTORIZACIÓN PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS COMPRENDIDAS POLO MÓDULO CUBERTO, A PISTA DE ATLETISMO E O CAMPO DE FÚTBOL DE CESPED NATURAL , CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO III CAMPUS DE ATLETISMO DE VERÁN.

O PERÍODO SOLICITADO ABRANGUE DESDE O 29 DE XUÑO ATA O 14 DE AGOSTO, EN HORARIO DE LUNS A VENRES, DE 10:00 HORAS A 13:30 HORAS.

O OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE É A REALIZACIÓN DE ADESTRAMENTOS, XOGOS DEPORTIVOS, ACTIVIDADES DE TECNIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ATLETISMO DIRIXIDAS A NENOS E MOZOS PARTICIPANTES NO CAMPUS DE VERÁN, FOMENTANDO A PRÁCTICA DEPORTIVA, OS HÁBITOS SAUDABLES E A CONVIVENCIA.

AGRADECENDO DE ANTEMÁN A SÚA COLABORACIÓN E DISPOSICIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DESTA ACTIVIDADE DEPORTIVA.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. As instalacións mencionadas , non teñen actividade programada para a datas solicitadas a excepción do módulo de atletismo (adestramentos de Ana Peleteiro).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes de data 18-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión do estadio de atletismo, unha parte do campo de herba natural e o módulo de atletismo ao club Santa Uxía Atletismo, para a celebración do seu campus e adestramentos do club cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será dende o **29 de xuño ao 14 de agosto de 2026, de 10.00 a 13.30 horas.**
- **O solicitante** poderá acceder as instalacións solicitadas (pista de atletismo, medio campo de herba natural e módulo de atletismo), pero **deberá coordinarse co resto**



de usuarios (no campo de herba natural, co Club Cidade de Ribeira de fútbol e no módulo de atletismo, cos adestramentos de Ana Peleteiro).

- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos e actividades deportivas nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

24.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN REGATA DE WINDSURF AO CLUB CATRO VENTOS

LOGO DE VER que D. Juan Parada Fernández, en representación do “Club Catro Ventos”, presenta escrito de data 11-05-2026. con número de rexistro de entrada municipal 11.177, Expoñendo:

“Que o Clube Windsurf 4 Ventos está a organizar a Regata Clasificatoria Catro Ventos 2026 integrada no calendario da Real Federacion Galega de Vela e pertencente o Circuito Ibérico de Slalom 2026, os días venres 10, sábado 11 e domingo 12 de xullo do presente ano 2026, en horario de 9h a 18 h na praia do Castro (Castiñeiras), para a cal

SOLICITA:

- **Ocupación na zona traseira das pistas deportivas da área verde de Punta Castro (zona Rosa dos Ventos).** Esta localización ten unha vista directa ao campo de regata o que permite unha supervisión constante do desenvolvemento da regata e garante unha resposta rápida ante calquera eventualidade.
- **Ocupación do aparcamento da zona das pistas deportivas da área verde de Punta Castro,** co fin de facilitar o acceso a zona de regatas os participantes, sen xerar grandes molestias o resto de usuarios da praia.
- **Suministro de corrente eléctrica**
- **Préstamo de megafonía** (micro e altavoz) para comunicar a información clave como saídas e chegadas, instrucións de seguridade, resultados e manter informados aos participantes
- **Préstamo de carpa/jaima para a mesa de control da regata en terra.”**
- **Presencia do GAEM por mar, para dar apoio e seguridade.**



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
2. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 18-06-26, e a proposta do concelleiro de deportes de data 18-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adoptar o seguinte **acordo**:

Autorizar a celebración da “Regata de Clasificatoria Catro Ventos 2026” –ao Club de Windsurf Catro Ventos cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os días **11 e 12 de abril de 2026** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (Demarcación de Costas, Capitanía Marítima, Portos de Galicia,...).
- **Reservar a zona traseira das pistas deportivas de Punta Castro** (zona da Rosa dos Ventos).
- **Colocar unha toma de corrente** o máis preto posible da zona da Rosa dos Ventos.
- **Prestar unha megafonía do departamento de deportes** (micro e altofalante) para os días da proba.
- **Prestar unha carpa do departamento de deportes** para os días da proba.
- **A reserva do espazo, a colocación da toma de corrente e o préstamo da megafonía e da carpa**, deberá ser coordinado entre os organizadores da proba e os responsables do departamento de deportes do Concello de Ribeira.
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Aportar efectivos do GAEM** para dar apoio na auga durante o desenvolvemento do evento (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe do GAEM ou persoa na que delegue).
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.



25.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN MOTOCUB OS REVENTAPISTÓNS (VIII CONCENTRACIÓN MOTEIRA)

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo e Xuventude, Carmen Pérez Gómez, de data 16/06/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocub Os Reventapistóns.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da VIII Concentración Moteira “Os Reventapistóns”, ano 2026.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 17/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocub Os Reventapistóns.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

26.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO (XXVII FESTA DO PERCEBE)

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abrales Pérez, de data 16/06/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de carreira e Aguiño.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da edición XXVII da Festa do Percebe, ano 2026.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 17/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de carreira e Aguiño.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



27.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO (X FESTA DA NAVALLA DE AGUIÑO)

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e Festexos, Fernando Abrales Pérez, de data 16/06/2026, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da edición X da Festa da Navalla de Aguiño, ano 2026.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 17/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcadesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

28.- ACHEGA CONCEDIDA A EIZAN CALO FERNÁNDEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 04/06/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Aroa Fernández Cadórniga en representación de Eizan Calo Fernández, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, de data 17/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Aroa Fernández Cadórniga en representación de Eizan Calo Fernández, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico, por importe de 300,00 €.



29.- ACHEGA CONCEDIDA A ALICIA E ÁLVARO CASTIÑEIRAS FERNÁNDEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 04/06/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e José Bautista Castiñeiras Ayaso en representación de Alicia e Álvaro Castiñeiras Fernández, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, de data 17/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e José Bautista Castiñeiras Ayaso en representación de Alicia e Álvaro Castiñeiras Fernández, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico, por importe de 600,00 €.

30.- ACHEGA CONCEDIDA A ADRIÁN E MARTA BLANCO DOMÍNGUEZ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 04/06/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Rosa María Domínguez Rego en representación de Adrián e Marta Blanco Domínguez, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, de data 17/06/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e J Rosa María Domínguez Rego en representación de Adrián e Marta Blanco Domínguez, por impulsar a práctica do Deporte no Concello de Ribeira, en especial a referida ao patinaxe artístico, por importe de 600,00 €.



31.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA FAVORECER A AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE, ANO 2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Mercados, Sanidade, Desenvolvemento Industriais e Parques e Xardíns, Vicente Mariño de Bricio, de data 16/06/2026, relativa á aprobación das bases reguladoras e convocatoria de axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade, ano 2026, na que expón:

“A vista da subvención recibida da DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA acordo cos programas presentados na convocatoria do exercicio 2026 ao POS+social polo concello de Ribeira, como apoio fundamental para desenvolver políticas sociais que melloran a calidade de vida da veciñanza especialmente das persoas maiores, persoas dependentes, con diversidade funcional ou menores de familias en situación de vulnerabilidade, imos a por en marcha unha liña de axudas individuais para favorecer a autonomía persoal de persoas dependentes.

Este fondo permite financiar outros servizos como a axuda non fogar, xantar na casa, respiro familiar, programas de conciliación e apoio a persoas maiores e familias vulnerables ou axudas directas a persoas e familias en rocha de exclusión. Tamén permítese a contratación ou reforzo de persoal técnico e administrativo dous servizos sociais municipais ou dous servizos de axuda non fogar municipais, así como investimentos en infraestruturas ou equipamentos que melloren a atención á cidadanía.

De conformidade coas dispoñibilidade orzamentaria, concederíanse axudas económicas co fin de facilitar a autonomía persoal, sinalando que estas axudas terán a condición de Subvencións e que irán destinadas a apoiar ás persoas con axudas técnicas ou instrumentos necesarios para o normal desenvolvemento mellorando a súa calidade de vida.

Por isto dende a concellería que represento unha das propostas e esta liña de axudas co obxecto de favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade na súa contorna das persoas dependentes e persoas con diversidade funcional.”

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal en funcións., de data 16/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade, ano 2026, co obxecto de favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade na súa contorna das persoas dependentes e persoas con diversidade funcional.

32.- DACIÓN DE CONTA DO CADRO DE VACACIÓNS PARA O ANO 2026 DO PERSOAL MUNICIPAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do cadro de vacacións para o ano 2026 do personal municipal presentado pola Técnica de Persoal, Ariana Cajaraville Chacón, de data 19/06/2026.



33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ALTOFALANTES EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Queda sobre a mesa o escrito presentado por Alejandro Nespereira Martínez en representación de **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 09/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.155), no que solicita autorización para a instalación de altafalantes en espazo público, no establecemento hostaleiro Taberna Horse Luis (Rúa do Peirao, nº 3 – Ribeira), o día 17/07/2026, en horario de 23:30 h. a 04:00 h., co motivo da celebración do “Dancing in de Sity”, incluído no marco das actividades da Festa da Dorna 2026.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “**Bar Baldomero**” (Palmeira), de data 19/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.289), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Baldomero**” (Palmeira), os seguintes días:

- 27/06/2026, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.
- 04/07/2026, en horario de 20:00 h. a 00:30 h.
- 10/07/2026, en horario de 22:00 h. a 00:00 h.
- 11/07/2026, en horario de 13:00 h. a 16:00 h. e 21:00 h. a 00:00 h.
- 01/08/2026, en horario de 13:00 h. a 16:00 h.
- 08/08/2026, en horario de 13:00 h. a 16:00 h. e 19:30 h. a 23:00 h.
- 14/08/2026, en horario de 20:00 h. a 01:00 h.
- 29/08/2026, en horario de 20:00 h. a 01:00 h.
- 22/08/2026, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.
- 05, 12 e 19/09/2026, en horario de 13:00 h. a 16:00 h. e 20:00 h. a 00:00 h.

35.- SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS – Producciones Celta, S.L.

Visto o escrito presentado por Pedro-Nuno Días da Costa en representación de **Producciones Celta, S.L.**, de data 22/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.467), no que solicita autorización para estacionamento de vehículos en espazo público, o día, co motivo da grabación dun programade televisión; sendo o lugares solicitados o Faro de Corrubedo, un vehículo en horario de 17:00 h. a 20:00 h., e a Praza de Teruel (Ribeira), tres vehículos en horario de 14:00 h. a 17:15 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar o estacionamento de tres vehículos Praza de Teruel (Ribeira), o día 29/06/2026, en horario de 14:00 h. a 17:15 h.
- Autorizar o estacionamento de un vehículo no Faro de Corrubedo, o día 29/06/2026, en horario de 17:00 h. a 20:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

36.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA (CORRECCIÓN DE ERROS) – Ana Belén Amado Reino

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 28/05/2026, relativo á certificación urbanística solicitada por Ana Belén Amado Reino, e advertido erro na redacción da mesma.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes **ACORDA** que se proceda á subsanción do citado erro, resultando o acordo tal como segue a continuación:

CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ana Belén Amado Reino

Visto o escrito presentado por **Ana Belén Amado Reino**, de data 18/05/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902015440000UZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A902015440000UZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

37.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Invernoxie, S.L.

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **15074A00700871**, Lugar de **PALMEIRA**, Ribeira da que é promotora a entidade **INVERNOXIE, S.L., (CIF B-70.475.702)**,

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **26 de maio de 2026**

VISTO o informe emitido con data **29 de maio de 2026** polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo.

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **1 de xuño de 2026**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada pola entidade **INVERNOXIE, S.L.**, (CIF B-70.475.702), **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN** da parcela con refª catastral nº **15074A00700871** sita en **Palmeira, Ribeira** polo outorgamento polo planeamento municipal de distinta cualificación urbanística, como son, Solo Urbano Consolidado Ordenanza 6.1 Residencial Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e Solo Urbano Consolidado Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles.

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

